

CONVOCATORIA DE REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data: Xoves, 5 de xuño de 2025
Hora de comezo: 10:00 horas
Reunión: 21/2025

CONVOCADOS:

Presidenta: Dona María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do grupo provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- Dona. María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG.
- D. Gregorio Luis Agís Gómez, Deputado do grupo provincial do PSOE
- D. Carlos Cuadrado Romy, Secretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. María Belén Pampín Camino, Xefe da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- D. José Antonio Gúlfias Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda de Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 29 de maio de 2025 (Reunión 20/2025).
2. Dar conta da oferta presentada por Patrice Warrener, no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación do "Servizo de deseño, produción e exhibición pública dun espectáculo de iluminación policromada do artista Patrice Warrener e a súa proxección sobre a fachada frontal da Igrexa da Peregrina de Pontevedra, no marco da 32ª edición da Bienal de Pontevedra". (Expte.- 2025006161).
3. Dar conta da oferta presentada pola empresa Editorial Galaxia, S.A., no procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade convocado para a contratación da publicación facsimilar da obra "Os vellos non deben namorarse" de Alfonso R. Castelao. (Expte.- 2025015214).
4. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de execución do proxecto de transformación dixital e a modernización para levar a cabo o censo de vivendas das entidades locais destinado aos municipios da provincia de Pontevedra + RUEIRO, financiado con fondos PRTR. (Expte.- 2024082688)
5. Apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Substitución parcial da rede de evacuación das augas pluviais do Centro de Vacacións de A Lanzada". (Expte.- 2022043081).
6. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Instalación dos sistemas de seguridade anticaidas, acceso e tránsito seguro na cuberta do Pazo Provincial". (Expte.- 2023049633).

7. Aprobación das valoracións técnicas do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024043090).
8. Apertura electrónica dos sobres "C" correspondentes á proposta avaliable mediante criterios automáticos do procedemento convocado para a contratación do Servizo de seguridade e vixilancia nos centros da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2024043090).
9. Apertura electrónica sobre A correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para contratación do subministro de instalacións e iluminación exterior correspondente co PR-D5000-2021-000382 dentro da convocatoria de axudas para inversións en proxectos singulares locais e enerxía limpa en municipios de reto demográfico, programa DUS 5000. (Expte.- 2025005763).
10. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do subministro de instalacións e iluminación exterior correspondente co PR-D5000-2021-000382 dentro da convocatoria de axudas para inversións en proxectos singulares locais e enerxía limpa en municipios de reto demográfico, programa DUS 5000. (Expte.- 2025005763).

O que lle participo ós efectos oportunos, pregándolle que se non pode asistir, teña a ben poñelo en coñecemento desta Secretaría.